

ACTA NÚMERO 6/2017
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
DO DÍA 23 de marzo de 2017

Na casa consistorial de Tordoia sendo as 12:00 horas, do día vinte e tres de marzo de dous mil dezasete, reúnese a Xunta de Goberno Local deste concello en primeira convocatoria de sesión ordinaria.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Antonio Pereiro Liñares

Concelleiros:

D^a. Inés Santos Pereiro

D. Amadeo Cancela Fariña

D. José Manuel Cancela Cancela

Secretario acctal.:

D. Alfonso García Ferreira

ORDE DO DIA

- 1- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 5/2017 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O DIA 08.03.2017.-
- 2- ESCRITOS OFICIAIS.-
- 3- APROBACION DO PLAN CONCERTADO SERVIZOS SOCIAIS 2017.-
- 4- ADHESION AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-
- 5- INICIO CONTRATACION 'OBRA INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORDOIA, CAMIÑO PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS'.-
- 6- DEVOLUCION DE AVAIS.-
- 7- APROBACION DE FACTURAS.-
- 8- REPARACION EN CENTRO SOCIAL DE NUMIDE.-
- 9- CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO RECURSO P.A. 118/2016. DEMANDANTE I.C.L..-
- 10- MATA FORVIAL S.L. SOLICITA LICENZA DE APERTURA PARA AUTOESCOLA EN PONTEPEDRA - CABALEIROS.-
- 11- INFORMACIONES DE ALCALDIA.-
- 12- ROGOS E PREGUNTAS.-

1.- APROBACION SE PROCEDE, DA ACTA Nº 5/2017 CORRESPONDENTE A SESION ANTERIOR LEVADA A CABO O DIA 08.03.2017.-

Acordos adoptados:

Aprobar a acta da sesión ordinaria celebrada o 08.03.2017.

2.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Polo señor alcalde dase traslado do escrito remitido polo Servizo de Xestión Tributaria relativa ao Padrón fiscal do IVTM, exercicio 2017 (nº rexistro entrada 265), que contén información sobre a relación de suxeitos pasivos, características e matrícula dos vehículos de que son titulares e cota a satisfacer, en cada caso, de acordo coa Ordenanza fiscal aprobada por este concello, informando igualmente que dende o día 13 de marzo ao 17 de abril de 2017, ambos inclusive, está exposto ao público na Deputación Provincial onde para ser examinado polos interesados.

3.- APROBACION DO PLAN CONCERTADO SERVIZOS SOCIAIS 2017.-

Acordos adoptados:

1º Solicitarlle á Consellería de Política Social e transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e so seu financiamento.

2º Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte no resumo xeral é de 167.151,16€, co seguinte detalle:

- Persoal: 16.815,00€
- Mantemento: 500,00€
- Axuda no Fogar:
 - ♦ Modalidade de prestación básica do Plan Concertado: 0,00€
 - ♦ Modalidade para persoas valoradas como dependentes: 122.336,16€
- Xestión de programas: 27.500,00€
- Investimento: 0,00€

Que o acordo inclúe a declaración de que os servizos sociais comunitarios municipais seguen a prestarse con continuidade.

3º Que se adoptou o compromiso de cofinanciar o matemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto anual presentado para a solicitude da transferencia finalista correspondente ao exercicio 2017 na contía de 175.084,27€, que supón unha porcentaxe do 51,16% sobre o orzamento total do proxecto, excluídas outras achegas autonómicas.

4º Dar conta no próximo pleno que se celebre.

4.- ADHESION AO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS.-

Acordos adoptados:

1º Que se coñece e acepta as bases da convocatoria, do PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2017 e os compromisos que nela se inclúen.

2º Adherirse ao PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS PARA O EXERCICIO 2017, de acordo coas contías xerais previstas na Base 12 do Programa e co financiamento que se indica:

MÓD	CONCEPTO	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA PERSOAS USUARIAS	TOTAL COSTE
ID	Persoal auxiliar administrativo	19.929,82€	6.557,58€	----- ---	26.487,40€
IID	Persoal técnico de grao medio (educadora familiar)	13.928,85€	7.937,26€	----- ---	21.866,11€
IV	Persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar básico	17.643,83€	8.499,61€	3.856,56€	30.000,00€
TOTAL		51.502,50€	22.994,45€	3.856,56€	78.353,51€

3º Aceptar o compromiso de realizar as actuacións necesarias para desenvolver o obxectivo do programa e a completar coa súa achega económica os módulos obxecto de financiamento.

4º Aceptar todos os compromisos e obrigas recollidos nas bases do programa.

5º Dar conta no próximo pleno que se celebre.

5.- INICIO CONTRATACION 'OBRA INVESTIMENTO NO CONCELLO DE TORDOIA, CAMIÑO PONTEPEDRA A COOPERATIVA E OUTROS'.-

O señor alcalde da conta do convenio número 23/2017 de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Tordoia asinado con data 17 de marzo de 2017 para o financiamento da obra “obras de investimento no Concello de Tordoia (Camiño Pontepedra a Cooperativa e Outro)”, aprobado por esta Xunta de Goberno o día 27 de decembro de 2016.

O importe do financiamento é de 55.500.- euros o que supón un 80 % do importe de contrata do proxecto que ascende a 69.375,01.-

Igualmente da conta da cláusulas que regulan dito convenio, nas que se recollen entre outras: a contratación e execución, publicidade do financiamento e xustificación necesaria para a recibir a achega provincial.

A Xunta de Goberno dase por informada.

6.- DEVOLUCION DE AVAIS.-

Acordos adoptados:

Aprobar a devolución da garantía definitiva da obra "Interiores en Saboi (Castenda) e Outros", mediante aval bancario nº ...XXXXXX da entidade ABANCA por un importe de 1.682,99 euros a SYR-AMG,S.L.U.

7.- APROBACION DE FACTURAS.-

Pola Presidencia infórmase de que por Intervención Tesourería non se presentan facturas a este órgano para a súa aprobación.

8.- REPARACION EN CENTRO SOCIAL DE NUMIDE.-

Acordos adoptados:

Darlle traslado aos servizos técnicos urbanísticos para que realicen unha memoria sobre ditas deficiencias co fin de ter unha valoración económica e unha solución técnica das mesmas.

9.- CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO RECURSO P.A. 118/2016. DEMANDANTE I.C.L.-

Pola Presidencia dase conta do escrito que tivo entrada no rexistro xeral do concello o día 10 de marzo de 2017, que remite o letrado asesor xurídico da Deputación Provincial da Coruña, e se achega sentenza 33/2017 do 01 de marzo de 2017 do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 4 da Coruña, no recurso P.A. 118/2016, sendo demandante dona I.C.L. e demandado o Concello de Tordoia.

10.- COMUNICACIÓN PREVIA DE ACTIVIDADE SOLICITADA POR MATA FORVIAL S.L. PARA O INICIO DA ACTIVIDADE DE AUTOESCOLA E CENTRO DE FORMACIÓN VIAL.-

Acordos adoptados:

Primeiro.- Autorizar a MATA FORVIAL, S.L., para desenvolver a actividade de ESCOLA PARTICULAR DE CONDUTORES E CENTRO DE FORMACIÓN VIAL (AUTOESCOLA) en rúa emigrante - Pontepedra, dunha superficie de 62 m² e coa denominación comercial de "MATA FORVIAL, S.L.".

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas regulada na ordenanza fiscal nº 5 por licenzas actividade.

Terceiro.- Notificar este acordo ao representante legal de MATA FORVIAL, S.L..

11.- INFORMACIONES DE ALCALDIA.-

Pola Presidencia infórmase de que esta Alcaldía co fin de cubrir os postos de auxiliares a domicilio, vai proceder a realizar a correspondente oferta pública de emprego así como a redacción das bases que regularan a contratación das persoas que desempeñen estes postos.

12.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formulan.

Non habendo máis asuntos de que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as 13:30 horas.